



DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS TÍTULOS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO DE:

- técnico superior de artes plásticas e deseño en fotografía.
- técnico superior de artes plásticas e deseño en gráfica publicitaria.
- técnico superior de artes plásticas e deseño en ilustración.

E SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DOS CICLOS INICIAL E FINAL DE GRAO MEDIO CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE:

- técnico deportivo en salvamento e socorrismo.
-

O día 12 de xuño de 2014 reuniuse o Pleno do Consello Escolar de Galicia para debater as emendas aos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos de tres títulos de artes plásticas e deseño (fotografía, gráfica publicitaria e ilustración) e ao proxecto de decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondente ao título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo.

Na sesión sometéronse á votación as emendas presentadas polas organizacións sindicais CIG e CCOO. Das 27 emendas presentadas 1 foi aceptada no ditame provisorio elaborado pola Comisión Permanente, 15 foron votadas en contra, 10 foron retiradas polos emendantes e 1 foi votada a favor da emenda.

Ao final da votación das emendas, tal e como é perceptivo, someteuse a votación o ditame, resultando a votación como segue: votos a favor, 4; votos en contra, 7, abstencións, 13.

Como resultado final o Consello Escolar de Galicia **acorda non aprobar ningún ditame** sobre os proxectos de decreto polos que se establecen os currículos de tres títulos de artes plásticas e deseño (fotografía, gráfica publicitaria e ilustración) e sobre o proxecto de decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondente ao título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo.

En consecuencia, non se propón ningunha modificación en relación cos referidos proxectos de decreto.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2014

O Secretario

V. e pr.
O Vicepresidente



José Alejo Losada Aldrey

Fernando del Pozo Andrés